

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 29 DE SETEMBRO DE 2014.

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas
DÍA: 29 de setembro de 2014
HORA DE COMEZO: 20:00 h.
HORA DE REMATE: 20:20 h.

ASISTENTES:

D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D. Pío Millán Blanco, D^a Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D^a M^a Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente).

Baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, asistidos por min a secretaria Acctal., D^a María Rodríguez Gómez e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 18 DE AGOSTO E 9 E 15 DE SETEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizada os días 18 de agosto e 9 e 15 de setembro de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 25 DE SETEMBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 21.825.- LICENZA MUNICIPAL Nº 21.699.- A Susana Moreira Acuña, con enderezo en Barrio das Flores, nº 29-Darbo, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 22.829.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.282.- A Manuel Moldes Fandiño, con enderezo en Estrada a Aldán-Seixo, nº 38-Darbo, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.866. LICENZA MUNICIPAL Nº 22.871.- A José Manuel Gómez Gargamala e María Teresa Antón Bernárdez, con enderezo en Rúa Aragón, nº 211-Bloque 1-5ºA-Vigo, outórgaselle un novo prazo de TRINTA E SEIS MESES, para o remate das obras abeiradas na referida licenza, de conformidade co disposto no art. 197.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 24.451. LICENZA MUNICIPAL Nº 23.463.- A "DASOMAR, S.L.", con enderezo na Serra de Nacente, nº 18-C-Darbo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente ao modificado do proxecto presentado o día 31 de marzo de 2014, que non afectan as superficies construídas iniciais.

EXPEDIENTE Nº 24.536.- LICENZA MUNICIPAL Nº 23.542.- A "IMPERNOSA, S.L.", con enderezo na Madalena, nº 112-Darbo, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as superficies construídas pasan a ser, 123,00 m²., de soto, 194,15 de planta baixa, 83,45 m²., de primeiro andar, e dúas terrazas de 11,00 m²., en planta baixa e 9,90 m²., primeiro andar.

2.A.2) LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE N° 24.353.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR SEBASTIÁN TORRECILLA SÁNCHEZ MATEOS

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal, con data 19 de setembro de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, Sebastián Torrecilla Sánchez Mateos, con enderezo en Rúa Pintor Laxeiro, n° 12-3°E-36211-Vigo, para vivenda sita en Retirosa-Coiro, construída ao abeiro da licenza municipal n° 23.301.

b) Así mesmo aprobase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fixéanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinala a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE N° 24.132.- O recurso potestativo de reposición interposto por Ezequiel Francisco Martínez Santos, con enderezo en Camiño de Viñó, n° 45-O Hío, contra denegación de licenza de obras acordada na Xunta de Goberno Local do día 14 de maio de 2012, foi estimado e polo tanto concédese licenza municipal para construción de un cerramento lateral de contención de terras de 62,35 ml., e 0,70 m. de alto, segundo o proxecto do aparellador, Humberto Guimeráns Gallego, de decembro de 2013 e autorización do 27 de maio de 2014 do Servizo de Urbanismo, sobre as obras na zona de servidume de protección autorizadas e o condicionante imposto polo arquitecto municipal de que o muro deberá resolverse con cachotería de pedra, non podendo utilizarse perpiños de granito. Este deberá cumprir as determinacións da LOUGA e as Normas Subsidiarias do Concello de Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.012.- A Ramón Mendiña Coya, con enderezo en Rúa Antonio Soage Jalda, n° 3-5ºD-Cangas, para en Camiño de subida a Castiñeira -O Hío, construír un muro de contención de 33,60 metros e un tramo de cerramento de 61,17 metros, de conformidade coa documentación presentada.

2.B.1) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE N° 23.444.- A Rosalía Bolívar Piñeiro, con enderezo en Urbanización Santa Teresa- Rúa 2, n° 26-Los Arroyos-28280-El Escorial-Madrid, para en Praia de Mendiña, n° 60-Aldán, repoñer un cerramento de 24,00 metros con malla simple de torsión de 1,80 ml., de alto e colocación de unha porta de 3,00 metros de ancho, de conformidade coa documentación presentada e tendo que cumprir as determinacións da LOUGA e as condicións establecidas na autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, do 28 de maio e autorización da Deputación Provincial do 5 de setembro de 2013.

2.C) ARQUIVO DE EXPEDIENTE DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO:

EXPEDIENTE N° 1.340.- RENUNCIA AO TRAMITE DE EXPEDIENTE DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO DE VENDA DE ARTIGOS PARA O AUTOMÓBIL E CAMBIO DE NEUMÁTICOS, PROMOVIDO POR ESTEBAN MALVIDO RODRÍGUEZ

A Xunta de Goberno Local queda informada da renuncia ao trámite do referido expediente, promovido por Esteban Malvido Rodríguez e acorda o seu arquivo.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE N° 25.035.- Clotilde Santos Barreiro, pintado de fachadas en Camiño Vello de San Cibrán, n° 10-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.080.- Juan Enrique Padín Costas, pilares de pedra para portal, en Donón-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.140.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "ATRANCO 7", reparación de xuntas en terrazas e fachadas en Rúa Atranco, n° 7-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.180.- COMUNIDADE PROPIETARIOS "EDIFICIO GRAN SOL", reparacións en edificio en Rúa Carlos Casares, n° 6-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.193.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "LA BÓVEDA", conservación de fachada na Avda. de Vigo, n° 73-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.194.- Manuel Romero Portela, cambio de tella na Cruz, n° 4-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.195.- Marta Soliño Otero, cerramento en Souto, n° 36-A -Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.197.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS "EDIFICIO LIMOEIROS", impermeabilización fachadas na Avda. de Bueu, n° 11-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.205.- Rubén Franco Ribas, substitución material cubrición en Parada, n° 28-B-Coiro.

EXPEDIENTE N° 25.206.- Eugenio Sotelo Soliño, cerramento lateral en Outeiro de Balea, n° 9-Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.208.- Irene Sandra Padín Costas, cambio material cubrición en Donón, n° 35-A-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.209.- Raquel Otero Lorenzo, cerramento lateral en Vilariño-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.212.- "BASALNOR, S.L.", cambio de fiestras en estrada Viso-Vilanova, n° 26-O Hío.

EXPEDIENTE N° 25.213.- María Consolación Millán Bermúdez, reparación cuberta e conservación exterior vivenda en Rozabales, n° 54-Aldán.

EXPEDIENTE N° 25.215.- "SERVITEC GALICIA, S.L.", pintado fachadas en Rúa Cervantes, n° 18-Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.216.- María del Rosario Paredes Otero, reforma de baño na Avda. de Vigo, n° 95-2° Dta.-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.760.- Marius Gabriel Ioanid, cambio titularidade bar-cafetería en Rúa Redondela, n° 4-Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.763.- Angeles Piñeiro Soliño, cambio titularidade venda polo miudo de roupa en Rúa Baiona, n° 12-Baixo-Cangas.

4°.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á OBRA "AMPLIACIÓN VIAL CAMIÑO PIÑEIRO-DARBO"

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do día 23.09.14, relativa á aprobación do plan de seguridade e saúde correspondente á obra "Ampliación vial camiño Piñeiro-Darbo", que é como segue:

"RESOLUCIÓN"

Examinado o informe do día 22 de setembro de 2014, emitido por M^a Isabel Medraño Fariña, coordinadora de seguridade e saúde da obra AMPLIACIÓN VIAL CAMIÑO PIÑEIRO-DARBO, referente ao plan de seguridade e saúde da mencionada obra e con base nas atribucións que teño conferidas, esta Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- *Considerando que se dan as causas que se recollen no artigo 14 da Lei 30/92, avocar de forma excepcional a competencia delegada na miña persoa para unicamente a aprobación deste plan de seguridade:*

Segundo.- *Aprobar integramente o informe do plan de seguridade e saúde da obra de AMPLIACIÓN CAMIÑO PIÑEIRO DARBO, emitido pola coordinadora de seguridade e saúde que se transcribe literalmente:*

INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Obra: *Ampliación vial Camiño Piñeiro-Darbo.*

Adxudicatario: *Explotaciones Mineras del Morrazo, S.L.*

Asunto: *informe Plan de Seguridade e Saúde.*

M. Isabel Medraño Fariña, como coordinadora de Seguridade e Saúde durante a execución das obras do epígrafe.

INFORMA:

1) A empresa EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO, S.L., adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o Plan de Seguridade e Saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do R.d 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (B.O.E. 25-10-1997).

2) O mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente, e polo tanto o técnico que subscribe, o informa favorablemente e propón a súa aprobación.

Terceiro.- *Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da presente resolución.

5º.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á OBRA "ACONDICIONAMENTO CASA NERGA"

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do día 23.09.14, relativa á aprobación do plan de seguridade e saúde correspondente á obra "Acondicionamento Casa Nerga", que é como segue:

"RESOLUCIÓN

Examinado o informe do día 22 de setembro de 2014, emitido por M^a Isabel Medraño Fariña, coordinadora de seguridade e saúde da obra ACONDICIONAMENTO CASA NERGA, referente ao plan de seguridade e saúde da mencionada obra e con base nas atribucións que teño conferidas, esta Alcaldía, RESOLVE:

Primeiro.- *Considerando que se dan as causas que se recollen no artigo 14 da Lei 30/92, avocar de forma excepcional a competencia delegada na miña persoa para unicamente a aprobación deste plan de seguridade:*

Segundo.- *Aprobar integramente o informe do plan de seguridade e saúde da obra de ACONDICIONAMENTO CASA NERGA, emitido pola coordinadora de seguridade e saúde que se transcribe literalmente:*

"INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Obra: *Acondicionamento Casa Nerga.*

Adxudicatario: *Explotaciones Mineras del Morrazo, S.L.*

Asunto: *informe Plan de Seguridade e Saúde.*

M^a Isabel Medraño Fariña, como coordinadora de Seguridade e Saúde durante a execución das obras do epígrafe.

INFORMA:

1) A empresa EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO, S.L., adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o Plan de Seguridade e Saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do R.d. 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (B.O.E. 25-10-1997).

2) O mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente, e polo tanto o técnico que subscribe, o informa favorablemente e propón a súa aprobación.

Terceiro.- *Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da presente resolución.

6º.- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/ APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE CORRESPONDENTE Á OBRA "ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO DE CANGAS"

Dáse conta da Resolución da Alcaldía do día 23.09.14, relativa á aprobación do plan de seguridade e saúde correspondente á obra "Acondicionamento do Cemiterio de Cangas", que é como segue:

"RESOLUCIÓN

Examinado o informe do día 22 de setembro de 2014, emitido por M^a Isabel Medraño Fariña, coordinadora de seguridade e saúde da obra ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO DE CANGAS, referente ó plan de seguridade e saúde da mencionada obra e con base nas atribucións que teño conferidas, esta Alcaldía, RESOL VE:

Primeiro.- *Considerando que se dan as causas que se recollen no artigo 14 da Lei 30/92, avocar de forma excepcional a competencia delegada na miña persoa para unicamente a aprobación deste plan de seguridade.*

Segundo.- Aprobar integramente o informe do plan de seguridade e saúde da obra de *ACONDICIONAMENTO DO CEMITERIO DE CANGAS*, emitido pola coordinadora de seguridade e saúde que se transcribe literalmente:

"INFORME DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE

Obra: *Acondicionamento do Cemiterio de Cangas.*

Adxudicatario: *Explotaciones Mineras del Morrazo, S.L.*

Asunto: *informe Plan de Seguridade e Saúde.*

M^a Isabel Medraño Fariña, como coordinadora de Seguridade e Saúde durante a execución das obras do epígrafe.

INFORMA:

1) A empresa EXPLOTACIONES MINERAS DEL MORRAZO, S.L., adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o Plan de Seguridade e Saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do R.d 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción (B.O.E. 25-10-1997).

2) O mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente, e polo tanto o técnico que subscribe, o informa favorablemente e propón a súa aprobación.

Terceiro.- *Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que se realice."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, queda informada da presente resolución.

SEGURIDADE, TRÁFICO, POLICÍA LOCAL E PROTECCIÓN CIVIL

7º.- SOLICITUDES DE SINALIZACIÓNS VARIAS

7.A.1) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE PASAXE PERMANENTE

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola concelleira de Tráfico e pola Policía Local, outorgar, previo pagamento das taxas que correspondan, autorización para o uso privativo en precario da vía pública mediante a instalación de sinais de pasaxe permanente de 3 metros, ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
PABLO GONZÁLEZ FERNÁNDEZ CIF:35 313 604-W	Palomar, nº 35-San Pedro-Darbo	Palomar, nº 35-San Pedro-Darbo. O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de Urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

7.A.2) RENOVACIÓN DE SINAIS DE PASAXE PERMANENTE POR DETERIORO

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local, acorda autorizar a renovación do sinal de pasaxe permanente instalado por deterioro, coas condicións indicadas ós seguintes solicitantes:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
ESTHER IGLESIAS MIRANDA NIF: 36 072 017-J	Areacova, nº 78-Aldán	Areacova, nº 78-Aldán. Autorízase a renovación do sinal de pasaxe permanente nº 238. Condiciónase a presente autorización á devolución do sinal deteriorado no Departamento de Tesourería, que procederá a dar de baixa o referido número e á concesión dun número novo.

7.B) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL (PINTADO DE BEIRARRÚA)

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
-------------------	-----------------	--------------------------

JOSÉ GONZÁLEZ MEIRA NIF: 76 830 272-Z	Tobal, nº 30-Darbo	Pintado de liñas amarelas na entrada do portal da vivenda. Non procede conceder o sinal de pasaxe permanente por non ser unha entrada de vehículos.
--	--------------------	---

7.C) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN DE CAMIÑO SEN SAÍDA

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
GERMÁN MARTÍNEZ FERNÁNDEZ NIF: 32 539 593 - K	Piñeiro, nº 37-Darbo	Colocación de sinal de camiño sen saída á altura do nº 40 do Camiño do Piñeiro-Darbo.

7.D) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE SINALIZACIÓN NA ENTRADA DA PRAZA DO ARCO E RÚAS PRÓXIMAS

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar os seguintes pedimentos, de conformidade cos informes emitidos pola Policía Local:

NOME E NIF	ENDEREZO	LUGAR INSTALACIÓN
Mª ELENA GONZÁLEZ CAMIÑA NIF:	Rúa Palma, nº 12-Cangas	Colocación de sinal vertical de prohibición de estacionamento diante do rebaixe da entrada na Praza do Costal, así como o pintado de liña amarela do firme da vía.

7.E) SOLICITUDE DE SINALIZACIÓN NA ENTRADA DA PRAZA DO ARCO

Examinado o escrito presentado por Mª ELENA GONZÁLEZ CAMIÑA, con enderezo en Rúa Palma, nº 12-Cangas, no que solicita sinalización da entrada da Praza do Arco.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido o día 15.9.14 pola Policía Local, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Que por parte dos servizos municipais se proceda á instalación dun sinal vertical prohibindo o estacionamento (R-308), diante do rebaixe existente na beirarrúa da entrada da Praza do Arco, xunto cunha liña horizontal de cor amarelo no firme da vía (asfalto).

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada e aos departamentos de Polcía Local e Oficina Técnica Municipal.

7.F) SOLICITUDE DE ADAPTACIÓN DE BEIRARRÚA PARA MINUSVÁLIDOS NA AVDA. DE LUGO COA AVDA. DA CORUÑA

Examinado o escrito presentado por ALEJANDRA PEREIRO CARBAJO, con enderezo en Rúa Cela, nº 1-2G-Cangas, no que solicita a adaptación do paso de peóns con rebaixes para o acceso a minusválidos na Avda. de Lugo coa Avda. da Coruña.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, de conformidade co informe emitido pola Policía Local, acorda remitir a solicitude da Sra. Pereiro Carbajo á Deputación Provincial de Pontevedra, por ter competencia este organismo na estrada EP-1001, e por tanto quen debe autorizar e realizar o arranxo do do paso de peóns con rebaixes para o acceso a minusválidos na Avda. de Lugo coa Avda. da Coruña.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

8º.- INFORMES S/SOLICITUDE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

8.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

SOLICITANTE	GARANTÍA	IMPORTE	OBJECTO	INFORME
BIC MATERIALES Y CONSERVACIÓN, S.L.L. R/Manuel Leiras Pulpeiro, 6-baixo-Pontevedra	FIANZA	1.033,05 €	CONTRATO DE SERVICIO DE POSTA EN VALOR XACEMENTO ARQUEOLÓXICO MONTE FACHO	FAVORABLE

9º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

9.A) DACIÓN DE CONTA DA SENTENZA 548/2014 DITADA POLO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, SECCIÓN NÚM.2, NO RECURSO DE APELACIÓN Nº 4550/13, INTERPOSTO CONTRA SENTENZA RESOLUTORIA Nº 202/2013, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA NO PROCEDIMENTO ORDINARIO NÚM. 396/2012

Dáse conta de sentenza nº 548/2014. ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 4550/13, interposto contra sentenza resolutoria nº 202/2013, do Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 396/2012, promovida por "ACCIONA AUGA SAU".

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da sentenza nº 548/2014 ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 2, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recaída no recurso de apelación nº 4550/13, interposto contra sentenza resolutoria nº 202/2013, do Xulgado do contencioso administrativo nº 2 de Pontevedra no procedemento ordinario nº 396/2012, promovida por "ACCIONA AUGA SAU".

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

9.B) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BAIXA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL DA OBRIGA RECOÑECIDA EN CONCEPTO DE LIQUIDACIÓN XUROS "OPAIN", DENTRO DA PEZA DE EXECUCIÓN 34/09 C, DERIVADA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO 81/2007 DO XULGADO DO CONTENCIOSO Nº 1 DE PONTEVEDRA

Dáse conta da proposta da Alcaldía do día 24.09.14, que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BAIXA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL DA OBRIGA RECOÑECIDA EN CONCEPTO DE LIQUIDACIÓN XUROS "OPAIN" DENTRO DA PEZA DE EXECUCIÓN NÚM. 34/09-C DERIVADA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO NÚM. 81/2007 DO XULGADO DO CONTENCIOSO NÚM. 1 DE PONTEVEDRA (X-07/10)

Visto que por dilixencia de ordenación de data 01/09/2010 recaída na peza de execución 34/09-C (dimanante do P.O. 81/2007) do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Pontevedra, instruído a instancia de "OPAIN, S.L.", se dispuxo o arquivo da citada peza de execución.

Visto que na contabilidade municipal aínda consta a cifra de 4.412,74 €, en concepto de liquidación de xuros recoñecida na peza de execución 34/09-C, do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Pontevedra.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal a obriga recoñecida por importe de 4.412,74 euros, en concepto de xuros que figura co núm. de asentamento 000543 de 10/05/2010.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

9.C) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BAIXA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL DA OBRIGA RECOÑECIDA EN CONCEPTO DE LIQUIDACIÓN DE XUROS "API MOVILIDAD,S.A.", DENTRO DA PEZA DE EXECUCIÓN NÚM. 39/2010, DERIVADA DO PROCEDIMENTO ABREVIADO NÚM. 103/2010 DO XULGADO DO CONTENCIOSO Nº 3 DE PONTEVEDRA

Dáse conta da proposta da Alcaldía do día 24.09.14, que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BAIXA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL DA OBRIGA RECOÑECIDA EN CONCEPTO DE LIQUIDACIÓN DE XUROS "API MOVILIDAD, S.A.", DENTRO DA PEZA DE EXECUCIÓN NÚM. 39/2010 DERIVADA DO PROCEDIMENTO ABREVIADO NÚM. 103/2010 DO XULGADO DO CONTENCIOSO Nº 3 DE PONTEVEDRA (X-10/13).

Visto que por auto do día 04/10/2011 recaído na tramitación da peza separada de execución núm. 39/2010, derivada do procedemento abreviado núm. 103/2010, dispúxose ter por executada a sentenza resolutoria do citado procedemento e proceder ao arquivo das actuacións.

Visto que na contabilidade municipal aínda consta a cifra de 779,56 €, en concepto de xuros recoñecida na peza de execución núm. 39/10 (P.A 103/2010) do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 3 de Pontevedra.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal a obriga recoñecida por importe de 779,56 euros, en concepto de xuros que figura co nº de asentamento 000290 de 18/05/2011.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

9.D) DACIÓN DE CONTA DA PROPOSTA DA ALCALDÍA DE BAIXA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL DA OBRIGA RECOÑECIDA EN CONCEPTO DE LIQUIDACIÓN DE XUROS "TRASNOS,S.C.", DENTRO DA PEZA DE EXECUCIÓN NÚM. 46/2010, DERIVADA DO PROCEDIMENTO ORDINARIO NÚM. 246/2009 DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE PONTEVEDRA

Dáse conta da proposta da Alcaldía do día 26.09.14, que di:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a dilixencia de ordenación ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra na peza separada de execución núm. 46/2010 (dimanante do PO 246/2009) instruído a instancia da Comunidade de Bens "TRASNOS, S.C.", pola que se declara o arquivo do citado procedemento.

Visto que na contabilidade municipal consta recoñecida a favor de "Trasnos, S.C.", a cantidade de 4.577,56 €, en concepto de xuros.

Por todo o exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Dar de baixa na contabilidade municipal a cantidade de 4.577,56 €, que figuran co nº de asento 2014/001880, en concepto de xuros recoñecidos a favor de "TRASNOS, S.C."

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención, Tesourería e Apoio Xurídico."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos departamentos de Apoio Xurídico, Intervención e Tesourería.

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente